

Figura controvertida en México, Elena Poniatowska foi nomeada “Escritora Galega Universal”. Chama a atención a súa capacidade para “asumir” diversas personalidades, para expresar o carácter dos protagonistas nuns relatos curtos, concentrados e ben armados na trabazón argumental.

A filla do filósofo

O libro de Poniatowska foi traducido ao galego por prestixiosos escritores

PÁXINA
LITERARIA
XULIO
VALCÁRCEL



N unha sociedade cada vez máis esixente como a actual, cómpre ter espírito e vocación universais para que Galicia poda chegar a súa cultura diferenciada ao concerto dos pobos. Nesa teima anda Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de escritores en Lingua Galega (Aelg), espallando a nosa literatura alén das propias fronteiras e do espazo que lle é natural, e convidando a escritores estranxeiros a que nos visiten para que coñezan de primeira man a nosa realidade.

Datas atrás visitounos Elena Poniatowska, nomeada “Escritora Galega Universal”. Con tal motivo participou en varios actos e conferencias. Aínda que nacida en Francia no seo dunha familia aristocrática, Elena Poniatowska fixou a súa residencia e nacionalizouse en México, onde é unha figura controvertida: se por unha banda goza de admiración, por outra non lle faltan detractores, quer por cuestións literarias, quer por

pronunciamentos políticos, ou simplemente pola súa orixe de crase, nun país que ten tan marcadas e insalvables diferenzas sociais.

A publicación pola editorial Galaxia do seu libro “A filla do filósofo”, bríndanos a oportunidade de achegármonos á súa obra a través das magníficas traducións ao galego, feitas, entre outros, por Eva Veiga, Fernández Naval, Isidro Novo ou Anxos Sunai. O tra-

ballo do tradutor non sempre é valorado na súa xusta medida, pero neste caso resulta gratificante percibir as diferenzas léxicas, tonais, a rica variedade que a nosa lingua ofrece. Como unha home-naxe, un agasallo, dos escritores galegos á colega mexicana.

Chama a atención a capacidade de Elena Poniatowska para “asumir” diversas personalidades, para expresar o carácter dos protagonistas nuns relatos curtos,

concentrados, ben armados na trabazón argumental e cos personaxes perfectamente definidos: tanto se mete na pel dunha rapaza apaixonada como na dun camiónante suoroso, ou no trastornado máxime dun maníaco obsesionado coa beleza dunha actriz.

Vémolo na sala de cine cos ollos fixos, as mans en tensión nos repousabrazos e unha pulcritude estraña, artificiosa. O final pode pecar de excesivo, mais a narración en primeira persoa, cunha personalidade tan complexa, resulta interesante.

Na traxedia de case todas as historias hai un aquel de melancolía, as máis das veces mulleres namoradas que non atopan correspondencia, ou se a teñen é distante, fría, como de favor. A contención sentimental é unha virtude,

cando non a respecta resulta menos críbel o narrado. No relato que lle dá título ao libro, recóllese unha reunión de intelectuais que discuten enxundias filosóficas e literarias, mentres a filla do anfitrión encaderna os libros de seu pai, a voz da autoridade no grupo. Namórase a rapaza do máis xove contertulio e a trama deriva logo cara un desafío entre este e o mestre, no que a moza será un instrumento nesa puxa, de xorda violencia.

Repetir unha e outra vez que a nosa literatura está ao nivel de calquera outra é partir dun complexo de inferioridade que obxectivamente non se sostén. Temos, é certo, problemas para o seu recoñecemento e aceptación, empezando polos propios galegos que de ordinario valoran máis o de fóra có propio.

Tampouco imos negar que a difusión é menor ao sermos unha lingua minorizada nun País pequeno, pero nesa interacción de culturas da que ao primeiro falamos, podemos concluir que sendo unha achega notable “A filla do filósofo”, en Galicia temos obras e escritores que para nada desmerecen.



Ilustración de Xabier Garo